



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA
E A ENTIDADE OBRADOIRO CAB SAD PARA DESENVOLVEMENTO DO
PROXECTO “O CAMIÑO REMATA NO OBRADOIRO”.**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa entidade Obradoiro CAB SAD o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por **obxecto**:

O obxecto do presente convenio é establecer condicións para a colaboración técnica e económica entre a Axencia Turismo de Galicia e a entidade Obradoiro CAB, SAD para o desenvolvemento do proxecto “O camiño remata no Obradoiro”.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- Axencia Turismo de Galicia créase como axencia pública autonómica polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, establecendo como obxectivo desta o de impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade e a conservación e promoción dos Camiños de Santiago.

Así mesmo ten entre os seus obxectivos básicos a potenciación do turismo de Galicia como un factor de crecemento económico, a través da valorización dos recursos turísticos, así como o fomento do turismo como un instrumento de reequilibrio territorial.





Segundo.- Que o Obradoiro CAB, SAD, é unha sociedade anónima deportiva propietaria dun equipo de baloncesto que participa na liga profesional española da Asociación de Clubes de Baloncesto (ACB), que conta cun recoñecido prestixio e historia dentro do baloncesto profesional español.

Por outra parte, o Obradoiro CAB, SAD ten entre os seus obxectos a promoción e difusión da práctica deportiva, especialmente entre os máis xóvenes e debido a súa participación na Liga ACB a incidencia e repercusión mediática é notoria tanto a nivel local e provincial como rexional e nacional.

Terceiro.- Así mesmo, o Obradoiro CAB, SAD é a única entidade que pode desenvolver este proxecto vinculado á promoción conxunta do Camiño de Santiago e a dita entidade.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela
A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos

